

Case 20.000 persoas desfrutaron da XXXVII Festa da Filloa de Lestedo

Preto de 20.000 persoas desfrutaron da celebración da XXXVII Festa da Filloa de Lestedo, declarada de Interese Turístico de Galicia. O Concello de Boqueixón, a Asociación da Filloa e a veciñanza da parroquia boqueixanesa envorcaronse na organización da cita na que se combina a proposta gastronómica coa tradición do Entroido dos Xenerais da Ulla, tamén Festa de Interese Turístico de Galicia.

A media mañá, no campo da festa comezaron a degustarse as Filloas de Lestedo, soas ou con acompañamentos salgados e doces. A máquina filloeira traballou ao máximo para cubrir a demanda deste produto ao longo de toda a xornada festiva.

Ás 13.30 horas, o xornalista Pablo Portabales pronunciou o pregón da Festa da Filloa de Lestedo. O alcalde do Concello de Boqueixón, Manuel Fernández Munín, presidiu este acto, que presentou, como en anteriores ocasións, a actriz María Mera. O rexedor de Boqueixón destacou na súa intervención que esta é “unha festa moi ligada a promoción da cultura e das tradicións galegas, que interesaría máis alá das nosas fronteiras porque enxalza un produto que é un símbolo de identidade dos galegos e galegas”.



Sete locais participaron nas V Xornadas Gastronómicas

Sete locais de Boqueixón ofreceron orixinais tapas con filloa durante a semana previa á Festa. Os establecementos que participaron foron: Bar-Restaurante “O Imprevisto”, restaurante “Vente Vindo”, café-bar “O 26”, cervexería “O Vi-

kingo”, restaurante “Vía da prata”, Casa de Xantar “Casa Castro” e taberna “O tapeo”. As tapas que elaboraron foron “filloa de grelos con mar caramelizado” e “filloa de café irlandés” no Imprevisto, a Filloa de O’26 en O’26, a “Entroidada”, o “Revolto

na pantalla” e “atranque de chicharrón no Vente Vindo”, “bocados a carón do lume” en O Vikingo, “Filloa namorada” e “Filloa croculloa” no Vía da Prata, “Filloa da avoa” e “Filloa o tapeo” en O Tapeo, e “Filloa rechea” na Casa Castro.

A filloa de Lestedo, na cociña de Yayo Daporta e Roberto Filgueira

O mercado de Boanerges acolleu unha xornada de promoción da Filloa de Lestedo. Ao longo de todo o día unha filloeira elaborou en directo a tradicional filloa para que todos os visitantes ao mercado puidesen degustala. Pola noite, os reputados chefs Yayo Daporta, que posúe unha estrela Michelin, e Roberto Filgueira, do Grupo Nove apareceron en escea para elaborar orixinais recheos.

No caso de Yayo Daporta propuxo unha ver-

sión dun taco mexicano con filloa e cocido galego, e elaborou unha filloa rechea de xurel á brasa con pan de millo.

Pola súa banda, Roberto Filgueira tamén homenaxeou os produtos galegos cunha filloa rechea de grelo e porco celta e outra con alga codium e polbo.

A semana seguinte, unha filloeira elaborou no Corte Inglés de Santiago as filloas tradicionais de Lestedo para a degustación de todos os clientes deste centro.



Os chefs Roberto Filgueira e Yayo Daporta no Mercado de Boanerges.

Os máis xóvenes aprenderon a cociñar a receita tradicional



Os once nenos e nenas que participaron neste obradoiro de elaboración de filloas.

A Asociación Cultural da Filloa organizou un obradoiro de cociña para nenos e nenas de 7-12 anos.

A receita que aprenderon a facer durante esta xornada é unha das máis tradicionais de Boqueixón, a da filloa de Lestedo. Ao obradoiro asistiron un total de once rapaces e rapazas, que despregaron todas as súas dotes culinarias. O obxectivo principal desta actividade é implicar ás xeracións máis novas do concello na

elaboración dun dos produtos máis representativos da zona e salvagardar a receita tradicional da Filloa de Lestedo.

Esta iniciativa de posta en valor da Filloa de Lestedo, ao igual que o acto de Boanerges, está cofinanciada polo GDR Terras de Compostela. A acción está encadrada dentro da Medida Leader Galicia 2014-2020-Submedida 19.4 Promoción Territorial, no proxecto Sabores do Territorio.

Presentación oficial da XXXVII edición no Hostal dos Reis Católicos

O Hostal dos Reis Católicos de Santiago acolleu o 7 de febreiro a presentación da 37 Festa da Filloa de Lestedo, celebración declarada de Interese Turístico de Galicia, que se desenvolveu o domingo 1 de marzo. O acto contou coa presenza do alcalde

boqueixanés, Manuel Fernández Munín; o delegado da Xunta de Galicia na provincia da Coruña, Ovidio Rodeiro; e o presidente da Asociación Cultural da Filloa, José Manuel Canabal. O rexedor desglosou o amplo programa de actividades vinculadas á Festa.



Edita: Concello de Boqueixón. Forte, s/n.
15881 Boqueixón.

Web: www.boqueixon.es/com

Correo electrónico: concello@boqueixon.com

Redacción e maquetación: Nós Comunicación

Distribución gratuita

Oficinas xerais: 981 51 30 61

Educación e Cultura: 981 51 31 15

Servicios Sociais / CIM: 981 51 31 06

Os atranques dos Xenerais botaron man do sarcasmo para deleite do amplo público

Os Xenerais da Ulla da parroquia de Sergude e da parroquia de Lestedo celebraron o seu tradicional Entroido o domingo 23 de febreiro e o 1 de marzo respectivamente. En ambos casos as actividades comezaron pola mañá, coa saída dende o Campo da Festa de Sergude dos Correos, Xenerais e Comparsas nun caso, e coa saída cara o Campo da Festa de Lestedo no día da XXXVII Festa da Filloa.

Os tradicionais atranques non deixaron indiferente a ninguén polas súas ocurrencias e polo sarcasmo do que fixeron gala ao longo destas xornadas. A choiva e as condicións meteorolóxicas adversas non fixeron que o Entroido se resentise en ningún dos casos, xa que a xente estaba agardando por escoitar os atranques e por desfrutar da posta en escea deste espectáculo que forma parte da tradición e cultura galega, e cuxa continuidade está garantizada grazas á implicación das novas xeracións.



Os usuarios do Programa de Prevención da Dependencia celebraron a festa do Entroido

Os participantes do Programa de Prevención da Dependencia festexaron por todo o alto o Entroido no local social de Vigo, onde actualmente ten lugar esta actividade coordinada por María Pereira.

Todos e cada un dos usuarios deste servizo estiveron disfrazados durante toda a tarde cos complementos máis orixinais que tiñan a súa disposición na súa aula.

O prato forte desta xornada festiva foi a degustación dos produtos típicos do Entroido, todos eles elaborados de forma artesanal. Así, cada un aportou a esta merenda un manxar da cultura e da gastrono-

mía galega como orellas, filloas, rosquillas, e outros doces ademais de chorizos ou chicharróns.

A concelleira de Servizos Sociais e Igualdade, Ana Seijo, tamén participou desta divertida xornada e compartiu o menú baseado na tradición desta tarde de Entroido. A concelleira destacou neste contexto “a importancia de coidar aos nosos maiores, realizar actividades con eles e así fomentar a súa participación activa na sociedade”. Este programa ten como obxectivo retardar o proceso de envellecemento natural e, por tanto, evitar ou aprazar a posible situación de dependencia.



Dúas boqueixanesas participaron na Campaña de Inverno de neve

Ángela Liñares García e Silvia Tembra Aldonza participaron na Campaña de Inverno 2020 organizada pola Deputación de A Coruña, polo que entre o 31 de xaneiro e o 3 de febreiro estiveron na estación de neve de Cabeza de Manzaneda. Durante eses días asistiron con outros nenos e nenas dos concellos de Ames, Santiago, Vedra, Touro, Oroso, Negreira e Rois a actividades relacionadas coa neve e co esquí, especialmente cursos para mellorar a súa técnica.

Malia que nesta ocasión as actividades de esquí estiveron limitadas pola meteoroloxía, a experiencia foi moi positiva e enriquecedora para ambas rapazas.

Todos os nenos e nenas empadroados na provincia de A Coruña poden participar nestas actividades promovidas dende a Deputación. Trátase dunha oportunidade para que aprendan e descubran actividades novas e que ademais compartan experiencias con nenos e nenas doutras localidades.



O Instituto Galego de Vivenda e Solo convoca distintas liñas de axuda para a renovación de vivendas e a mellora enerxética das mesmas



O Instituto Galego da Vivenda e Solo ten convocadas dúas liñas de axudas para executar melloras e reformas nas vivendas.

En primeiro lugar, as axudas para a mellora da eficacia enerxética e da seguridade e accesibilidade en vivendas. As axudas parten do Real decreto 106/2018 do 9 de marzo, polo que se regula o Plan estatal de vivenda 2018-2021. Nesta mesma convocatoria hai dúas liñas de axuda, unha para fomentar a mellora da eficacia enerxética e da sustentabilidade en vivendas; a súa finalidade é financiar obras de mellora da eficiencia enerxética e da sustentabilidade, con especial atención á envolvente edificatoria, e outra para financiar obras de conservación, da mellora da seguridade de utiliza-


ción e da accesibilidade. Os requisitos para estas actuacións son que se realicen en vivendas unifamiliares, en edificios de vivendas de tipoloxía residencial colectiva e nas vivendas situadas nestes edificios, sempre que estivesen finalizados antes do 1 de xaneiro de 1996 e constitúan o domicilio habitual e permanente das súas persoas propietarias ou, de ser o caso, das persoas arrendatarias, no momento de solicitar a axuda deste programa. A cuantía das axudas oscila entre os 8.000 e os 24.000 euros en función de distintas circunstancias e requisitos. O prazo para presentar a documentación de solicitude remata o vindeiro 26 de marzo, e deben presentarse preferentemente a través da sede electrónica da Xunta.

E, en segundo lugar, as subvencións para a rehabilitación de edificios e vivendas no ámbito da ARI dos Camiños de Santiago. A través de estas convocatorias búscase financiar as actuacións de rehabilitación e renovación de edificios e vivendas situadas nos ámbitos ARI dos Camiños de Santiago e do Parque Nacional das Illas Atlánticas. Se ben as actuacións obxecto de financiamento deberán contar coa correspondente resolución de cualificación definitiva outorgada polo IGVS. As persoas físicas solicitantes deben ter a nacionalidade española, ou se son estranxeiras, ter a residencia legal en España. E non poderán estar incursas en ningunha das causas previstas no artigo 13 da Lei 9/2009, do 13 de xuño. E

o mesmo con todas as persoas físicas que conformen unha comunidade ou agrupación de comunidades.

A coantía das axudas son de 4.000 euros por vivenda obxecto da actuación de rehabilitación ou renovación, sen que a subvención poida exceder o 10% do orzamento protexido de actuación da vivenda ou do edificio. E ata 1.000 euros por vivenda obxecto da actuación de rehabilitación ou renovación, se se adapta á Guía de cores e materiais aprobados pola Xunta.

O prazo de solicitude, que comezou o 27 de febreiro, rematará cando se esgote a partida orzamentaria contida nesta convocatoria, que será publicado no Diario Oficial de Galicia e, en todo caso, o día 30 de outubro de 2020. Máis información no Concello.



Aberto o prazo dende o 1 de marzo para solicitar praza nas distintas escolas públicas de Boqueixón

O prazo para solicitar praza de novo ingreso e renovación para a Escola Infantil Municipal Raíña Lupa de Boqueixón está aberto dende o 1 ata o 31 de marzo. Os requisitos para solicitar o ingreso son estar empadroadado no concello de Boqueixón, non ter cumpridos os 3 anos an-

tes do 31 de decembro de 2020 e ter cumpridos os 3 meses na data de ingreso.

A escola pública CRA Neira Vilas en Boqueixón-Vedra abriu o 3 de marzo entre as 12:00 e as 13:00 horas as súas portas para todas as familias que quixesen máis información ou desexasen coñecer as ins-

talacións de cara a matricular aos seus nenos de 3 a 8 anos. Se ben, se algunha familia está interesada en coñecer as instalacións pode poñerse en contacto co centro para concertar unha cita e coñecer de primeira man o traballo desta escola pública.

O prazo para solicitar praza

está aberto dende o día 1 de marzo, e permanecerá activo ata o 20 de marzo. A solicitude de admisión realizarase no centro elixido como primeira opción, e poden optar a inscribir aos nenos e nenas no centro que máis se adapte as súas expectativas dentro da súa zona de influencia.

O Concello de Boqueixón ofrece servizo de madrugadores no Forte


O concello de Boqueixón está ofrecer o servizo de madrugadores para todos os nenos de infantil e primaria, entre as 08:00 e as 10:00 horas da mañá nas dependencias do CPI do Forte.

Actualmente están utilizando este servizo un total de dez nenos e nenas, o que facilita a conciliación entre a vida laboral e a familiar dos seus pais e nais.


Aínda que neste curso a demanda non é demasiado elevada, por parte do Concello seguirase a ofrecer o

servizo de madrugadores nos vindeiros cursos, para tratar de consolidalo ao longo do tempo. Trátase dunha aposta por mellorar a calidade dos servizos ofertados polo Concello, e por avanzar de cara a igualdade e a conciliación familiar.

O programa consiste na ampliación do horario de apertura dos centros educativos públicos durante os días lectivos, polo que ten lugar xusto antes do inicio das actividades docentes no horario lectivo establecido.



8M.- Día Internacional da Muller



O CIM de Boqueixón realiza un vídeo para conmemorar o Día Internacional da Muller

O CIM de Boqueixón elaborou un documental con perspectiva de xénero con motivo da conmemoración do 8M, Día Internacional da Muller. Así, a primeira semana de marzo o CIM de Boqueixón estrea a través dunha difusión en redes o documental "Tan distintas...Tan iguais", unha pequena reportaxe que fai un percorrido pola evolución da sociedade.

As protagonistas son cinco mulleres boqueixanas: Gloria Boo Romay

(93 anos, Codeso), Josefa Vázquez Calvo (77 anos, A Granxa), Sesé Míguez Pereiras (52 anos, Sucira), Paula Miranda Santasmarinas (34 anos, Ledesma) e María Crespo Cutrín (16 anos, Lestedo), as cales reflexionan sobre diversos temas relacionados con educación, traballo, saúde, tempo de lecer, estereotipos de xénero e violencia contra a muller.

As cinco mulleres, de diferentes épocas xeracionais, son moi disitintas

pero teñen unha mesma inquietude, acadar a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes.

Coa realización deste vídeo, que contou coa colaboración dos Servizos Sociais, preténdese dar voz ás mulleres e convidar a reflexionar sobre a necesidade de promover cambios que permitan acadar unha sociedade libre de barreiras baseadas no xénero.

Máis accións polo 8M

Ao longo da semana

previa ao 8M, outros colectivos traballaron sobre a figura da muller. Por exemplo, os nenos e nenas do servizo de conciliación, Madrugadores, realizaron un mural conmemorativo que permanece exposto na Casa do Concello.

Pola súa parte, o grupo de maiores do Programa de Prevención de Dependencia manifestou o seu apoio a todas as accións para profundizar na visibilización do papel da muller en todos os eidos.

Convocado o VII Certame de Relatos “Xosé Neira Vilas”

O departamento de Educación e Cultura de Boqueixón, en colaboración coa Fundación Neira Vilas e o CPI Antonio Orza Couto, veñen de convocar o VII Certame de Relatos “Xosé Neira Vilas”. Dirixido a rapaces e rapazas de Boqueixón ou de centros educativos do concello que cursen Primaria (dende 3º curso) ou Secundaria. O certame busca potenciar a lectura e a creatividade literaria e promover o uso da lingua galega.

Cada participante poderá presentar un relato, de temática libre e escrito en galego. Os traballos serán propios e inéditos, cunha historia orixinal (real ou ficticia) cunha extensión mínima de 30 liñas para a primeira (3º e 4º de Primaria) e a segunda categoría (5º e 6º de Primaria), así como 50 liñas para a terceira categoría (Secundaria). As obras deberán entre-

garse nas dependencias municipais ou no centro educativo do Forte antes do 17 de abril. Co fin de garantir o anonimato, cada traballo irá identificado co número que cada alumno ou alumna teña na clase e o curso ao que pertence, ou ben acompañado dun sobre pechado e grampado cos datos.

A entrega de premios terá lugar no marco da celebración das Letras Galegas no CPI do Forte. Habrá tres premios por categoría, que inclúen un diploma, a edición do libro e vales por 125, 100 e 75 euros, respectivamente. Ademais, os textos gañadores publicaranse en formato libro.

O xurado do concurso estará composto por un representante da Fundación Neira Vilas, un representante do CPI Antonio Orza Couto e por un técnico do departamento de Educación.



Terceira edición das visitas teatralizadas a Ponte Ledesma-Gres

Os Concellos de Boqueixón e de Vila de Cruces organizan a terceira edición das súas Visitas Teatralizadas a Ponte Ledesma-Gres, que terán lugar os domingos 8 e 15 de marzo, ás 12:30 horas. Nelas reviviranse a historia das batallas napoleónicas libradas na propia ponte, pero dende a perspectiva do antes e o despois.

A participación é de balde, se ben é preciso anotarse no Concello de Boqueixón (981 513 061 ou boqueixontu-

rismo@gmail.com) ou no de Vila de Cruces (986 582 017 ou info@viladecruces.es). As visitas estarán guiadas polo actor Suso Martínez e Pedro Brandariz e contarán con novidades e sorpresas respecto ao ano anterior.

Na presentación o alcalde de Boqueixón destacou o éxito desta actividade, “os últimos anos comprobamos que estas representacións gustan moito, e por iso seguimos apostando por esta fórmula”.

AXENDA DO MES DE MARZO

Domingo
8

Documental ‘Tan distintas...tan iguais’

Páxina Web Boqueixón
Estrea do documental ‘Tan distintas...tan iguais’ na páxina web do concello de Boqueixón
www.boqueixon.com

8 e 15

Visitas teatralizadas de Ponte Ledesma

Ponte Ledesma
Visitas teatralizadas con actores ás 12.30 horas ata ás 14.00 horas.

Venres
27

Obradoiro sobre o ictus

Centro Sociocultural de Lestedo
De 16:30 a 20:30 horas. O obradoiro está organizado en colaboración coa Asociación de Mulleres Rurais de Lestedo. As inscricións no 670 353 942

Máis información e inscricións:

Centraliña: 981 513 061
concello@boqueixon.com

Cultura: 981 513 115
cultura@boqueixon.com

Dto. Local e Turismo: 981 513 061
boqueixonturismo@gmail.com